



ENTREVISTA A M^o ÁNGELES NAYA, PROFESORA DE MATEMÁTICAS



- **Onde estudiaches?** En Franciscanas, na Coruña
- **A que anos empezaches a exercer de profesora?** Aos 24 anos
- **Por que quixeches se profesora de matemáticas?** Porque era a miña materia preferida no colexio.
- **Cantos anos levas neste instituto?** Un ano
- **En que outros colexios ou institutos estiveches?** No instituto de Carballo, no de Narón, A Baña e no de Negreira
- **Que é o que máis che gusta de ensinar?** Os alumnos/as e ver o cambio que experimentan algúns na aprendizaxe
- **Que é o que menos che gusta que fagan os rapaces?** As faltas de respecto
- **Cal é para ti a mellor clase na que exerces como mestra?** 2º D
- **Que valoras á hora de poñer as notas aos teus alumnos?** O traballo dos rapaces
- **Collícheslle manía a algún alumno teu?** Nunca
- **Como te levas cos demais profesores?** Non me levo mal con ningún, sen embargo, aqueles cos que teño máis trato xa non os considero só compañeiros, senón bos amigos.
- **Se non comezas a ser profesora tan nova, que che gustaría facer antes?** Viaxar
- **Se non foses profesora, que outro traballo escollerías?** Nada
- **Que che gusta facer no teu tempo libre?** Xogar cos meus fillos e saír cos amigos
- **Cal é o teu deporte favorito?** Para ver o fútbol e para practicar o baloncesto
- **Ves moito a tele?** Moi pouco
- **Cal é o teu animal favorito?** O can e o cabalo
- **E o que menos?** A serpe
- **Onde che gustaría viaxar?** A Irlanda e Holanda

FRAN RÍO, S1B

ENTREVISTA A XOSÉ DÍAZ DÍAZ, PROFESOR DE MATEMÁTICAS



Cantos anos levas exercendo de mestre?

Dous

Custouche sacar a carreira?

Si, coma a todos

Disfrutas dando clase?

Si

Que lles pides aos alumnos e alumnas na túa clase?

Que atendan, que se porten ben e que disfruten das matemáticas.

Consellos para os rapaces e rapazas
Que estuden

Lembras algunha anécdota?

Si, moitas, pero non se poden contar, sobre todo as vosas (B1A)

Como te describirías?

Prefiro que me describan os demais

Cantante preferido

Janis Joplin

Deporte preferido

Os xogos populares, en concreto a billarda.

Película preferida

Paris Texas

Gústache ler?

Si

E a tele?

Non moito

Que fas no teu tempo de lecer?

Ler, ver películas, saír cos amigos...

Cando eras rapaz, eras rebelde?

Pois, un pouco si, coma vós

Imaxina que non puideras facer a carreira de matemáticas por calquera motivo, que traballo elixirías?

Non sei, ás veces depende das circunstancias da vida.

Que che pareceu a entrevista?

Sorprendente, inesperada e simpática.

ADRIANA ESTÉVEZ ROCA, B1A